



## Resolución reitoral pola que se regula a autoprovisión de bens e servizos na Universidade da Coruña

### Preámbulo

A autoprovisión é unha técnica coñecida e ensaiada con éxito no sector público autonómico, logo da aprobación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que apostou con claridade polo desenvolvemento de técnicas de cooperación administrativa e, entre elas, no seu artigo 8, pola técnica de autoprovisión de bens e de servizos.

A partir desa experiencia e cos axustes debidos á singularidade do servizo público universitario, compre establecer as condicións e o procedemento de autoprovisión de bens e de servizos na Universidade da Coruña, entendida como un mecanismo de cooperación intrasubxectiva, dirixido á realización das tarefas de interese público que a Universidade ten encomendadas cos medios persoais, técnicos e materiais de que dispoña, con carácter preferente á alternativa de acudir á prestación por terceiros alleos á propia organización.

A regulación da autoprovisión respecta os principios de boa regulación, e, nomeadamente, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Así, a presente regulación resulta necesaria e conveniente, por canto favorecerá un uso mais eficiente dos recursos públicos existentes, ao tempo que permitirá unha provisión de bens e servizos mais axeitada e adaptada á realidade da propia institución, facilmente actualizable en función de novas necesidades e dispensada con criterios de máxima solvencia técnica. Cumpre, ademais, co principio de proporcionalidade, por canto se recolle a regulación imprescindible para atender a necesidade para cubrir coa norma, limitando o uso da técnica a supostos específicos e predeterminados que deberán ser avaliados caso a caso. Aspira a xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións axeitadas. E, por último, a autoprovisión regúlase baixo a premisa da simplificación do procedemento e á supresión de trámites innecesarios.

### Artigo 1. Autoprovisión

Cando os medios dos que se dispoñan nos servizos da Universidade da Coruña resulten insuficientes ou inadecuados para o cumprimento e realización dos fins institucionais que ten atribuídos, o/a reitor/a poderá encomendarllos a outros servizos, órganos, unidades ou persoal da propia institución, conforme ás condicións e o procedemento establecidos nos artigos seguintes.

### Artigo 2. Inicio do procedemento

O procedemento de autoprovisión deberá iniciarse polo/a xerente/a, ou persoa en quen delegue, por propia iniciativa ou por petición razoada doutros órganos. Para estes efectos, será preceptivo o informe do servizo ao que lle correspondería subministrar o ben ou prestar o servizo, que xustifique a insuficiencia ou inadecuación de medios e a conseguinte necesidade da encomenda.

### Artigo 3. Comisión de autoprovisión

A selección do órgano, unidade ou persoal ao que corresponda executar a encomenda será realizada por unha comisión integrada polas seguintes persoas:

Código Seguro De Verificación	I32mIePnSBC2ynTctkpwAQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	08/10/2024 13:38:58
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/I32mIePnSBC2ynTctkpwAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/I32mIePnSBC2ynTctkpwAQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- o/a vicerreitor/a con competencias na materia obxecto de encomenda, que a presidirá;
- o/a xerente/a, ou persoa en quen delegue;
- o/a secretario/a xeral, ou persoa en quen delegue, ostentará a secretaría da comisión.

#### Artigo 4. *Compensación*

A compensación pola execución da encomenda fixarase en atención aos custes reais da súa execución, sen incluír beneficio industrial, e terá a consideración de gratificación pola prestación se servizos extraordinarios prevista no artigo 137 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

#### Artigo 5. *Formalización da encomenda*

A encomenda formalizarase por resolución reitoral, na que figurarán o órgano, unidade, persoal destinatario da encomenda, o obxecto da encomenda, o prazo de execución, a compensación e calquera outra condición que resulte necesaria para a súa axeitada execución.

#### Artigo 6. *Xestión delegada*

Poderase encargar á Fundación Universidade da Coruña, medio propio da Universidade da Coruña, a xestión da encomenda. A ditos efectos, realizarase o oportuno encargo ao amparo do previsto no artigo 32.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

#### Artigo 7. *Transparencia*

A información relativa ás encomendas de importe superior a seis mil (6.000,00) euros deberá publicarse anualmente no portal de transparencia e deberá comprender, cando menos, o órgano, unidade ou persoal destinatario da encomenda, o seu obxecto e duración.

#### Artigo 8. *Contratación externa*

Por resolución reitoral poderanse aprobar catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de autoprovisión. En tal caso, só poderá acudirse á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable, o que deberá xustificarse no expediente de contratación.

#### *Disposición final primeira. Desenvolvemento e interpretación desta regulación*

Habilitase á/ao secretaria/o xeral a ditar as instrucións que resulten necesarias para desenvolver esta regulación e resolver as dúbidas que ocasionase o seu cumprimento.

#### *Disposición final segunda. Entrada en vigor*

Esta regulación entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico de Anuncios da Sede electrónica da Universidade da Coruña.

O REITOR

Código Seguro De Verificación	I32mIePnSBC2ynTctkpwAQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	08/10/2024 13:38:58
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/I32mIePnSBC2ynTctkpwAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/I32mIePnSBC2ynTctkpwAQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

